

EN MODO CONVERSA

# A DIALÉCTICA DA MODA: DESEÑO, ARTE, INDUSTRIA E MERCADOS NA GALICIA DO SÉCULO XXI

Consello da Cultura Galega

Santiago de Compostela

Martes, 26 de novembro de 2019



Empregando un formato de diálogo, EN MODO CONVERSA trata de establecer un espazo de reflexión sobre as manifestacións culturais dos nosos tempos a partir da participación de diferentes profesionais da creación, a investigación e o emprendemento nun panel composto por tres ou catro persoas aberto á participación do público.

Cada encontro consistirá nunha charla entre diferentes axentes da actividade creativa: artistas, profesionais do deseño, a xestión empresarial e cultural, persoal docente e da creación transversal. A partir dunha serie de temas propostos procúrase unha visión panorámica sobre a situación das actividades con transcendencia cultural na Galicia do século XXI.

Desta volta, apoiados por un eixe de preguntas nunha conversa a varias bandas, afondarase no papel que están a desenvolver as institucións de ensinanza no ámbito da moda e o deseño. Debaterase con responsables de empresas e profesionais do deseño do ámbito da moda, dos obxectos de edición e o deseño, sobre cales son as teimas con que se atopan e cales os retos que teñen de superar; cal é a súa relación cos mercados e cal o contacto con espazos de estudo e formación, cal é o contacto coa academia ademais de canto é necesario estar na vangarda.

Nesta actividade participan profesionais da investigación, da docencia, do empresariado, do deseño e da creación. En suma, profesionais de recoñecida experiencia pertencentes a distintas organizacións dedicadas á moda, ao deseño e á industria téxtil dende Galicia no noso tempo.

Imaxe da portada: Jesús Madriñán. Cortesía de D-due

## PROGRAMA

17:00 horas  
Presentación

17:15 horas  
Relatorios

Modera: **Román Padín Otero**, investigador e creador

**Lola Dopico**, profesora, investigadora e creadora na Universidade de Vigo; directora de ESDEMGA

**Tamara Feijoo**, artista e deseñadora

**Charo Froján e Alfredo Olmedo**, empresaria e deseñadores da compañía D-due

19:30 horas  
Peche da xornada

## **ORGANIZA**

Sección de Creación e Artes Visuais Contemporáneas (CCG)

Consello da Cultura Galega

## **COORDINA**

Sofía Santos Pérez

Rosario Sarmiento

## **LUGAR**

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

## **INSCRICIÓN**

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

## **MÁIS INFORMACIÓN**

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)

[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

